

# REXURDIMENTO

2.<sup>a</sup> ÉPOCA

ORGAO DA I. N. G.

1923

## A Galiza e o voto en Cortes

### A ARELA MÍNIMA DO NAZONALISMO GALEGO

**I**ODOL-OS galegos saben, e si non-o saben, deberan sabelo, qu'os Reis Católicos quitaron ás cidades e vilas do Reino de Galiza o *voto en Cortes*, e que namentras durou na Hespaña a monarquía absoluta, a representación do Reino de Galiza foi conferida ós persoeiros da vila de Zamora. Os galegos moitas veces protestaron d'esta inxusticia, contra d'ise aldraxe que se facía ó noso pobo, e recramaron o *voto en Cortes* que por dereito nos correspondía, mais non conseguiron nada, porqu'os de Zamora opúñanse terminantemente ... Agora me diredes s'iba moi descamiñado o outro día Ribas Montenegro, cando eiquí mesmo sostiña que debíamos odiar a Castela.

Pois ben, eu digovos, e a esperencia — inda tendes recente<sup>a</sup> das eleccións — vol o dirá tamén, que *Galiza sigue privada do voto en Cortes*.

E certo qu'o réxime constitucional — que ademais dividiu a Galiza, com'a túnica de Cristo, en catro anacos — concedeu a Galiz, millor dito ós distritos de Galiza, unha representación nominal... *Nominal*, porque, si no réxime absoluto a representación de Galiza foi usurpada pol os persoeiros de Zamora, no réxime actual, que pra nós, os galegos, non é moito millor qu'o absoluto, a representación de Galiza *está usurpada pol os persoeiros dos partidos políticos hespañoles*.

Ora, estes partidos monopolizan o *tinglado caciquil* — tinglado qu'asenta e ten o seu cimento na organización artificial que nos foi imposta dende Madrid: provincias, municipios, distritos, xuntas do censo, etc., etc., — e pol-o tanto, cand'os galegos crean un partido seu, com'o partido agrario, unha de dúas; ou buscan candidatos nos partidos políticos hespañoles, e n'iste caso *xa non están representados* no Parlamento, por-

qu'ises candidatos teñen a súa concencia hipotecada ós seus xefes e ós seus programas — ou si escollen candidatos seus, candidatos puramente galegos, puramente agrarios, teñen a seguranza de que non han sair, de que lles han roubar as autas, no caso de qu'as ganen ..

De xeito que hoxe Galiza, coma nos séculos XVI e XVII, *sigue sin voto en Cortes*. E cand'algún diputado ergue aló en Madrid a súa voz pra defendel-os dereitos e os intreses do Pobo Galego, *faíno a despeito da politeca que representa*, porque, un instante, a súa concencia moral, o adormentado sentimento da Patria Galega, érguese e peta no seu corazón...

Vel'eiquí téndel'a realidade do noso problema político.

Mais eu digo; ¿El val a pena de que nos matemos tanto por termos voto no Parlamento? Supoñamos por un instante que Galiza levara ó Parlamento moitos deputados agrarios, nazionalistas, rexionalistas, o que queirandes, galegos, n-unha verba, galegos de verdade, sen compromiso ningún cos desgobernautes de Madrid; sempre seríau aló *unha minoría*, unha minoría que sería derrotada nas votacións, e Galiza seguiría sendo gobernada por *unha minoría aliena*, formada pol-os deputados do resto da Hespaña, ¿Podería, aínda n'estas condicións, que son as milloras dentro do réxime actual, facer outra cousa Galiza que queixarse e recramar?

¿Non sería millor que pra decidirmos das nosas cousas, tivéramos un Parlamento galego autónomo? ¿Non sería millor qu'as nosas cousas as arraxáramos eiquí, entre nós, sen termos que consultar ós alleos?

Iste é o réxime autonómico e federal que é a arela mínima do nazionalismo galego.

VICENTE RISCO.

*Xa temos novos deputados provinciais. Cáseque os mesmos de sempre, co'a esceución d'algún aboga-diño novo que quere escomenzar a súa carreira política e d'algún novo aspirante a cacique.*

*¿El habrá nada mais novento que as Deputacións provinciais? Xaquín Costa chamáralles presidentes soltos. E ficara curto.*

*As Deputacións provinciais son as zumezugas dos concellos; o estorbo de todo tencionamento cívico, as xuntanzas de tódol-os cacicatos; o muelle real do centralismo: verdadeiras entidades perniciosas sin ouxeto práctico algún pra a Terra.*

*Poriso os nazionalistas no noso idearium pedimos o acabamento d'elas.*

*Son as celestinas do ministerio da Gobernación.*

*Queimandoas, e logo sementando con sal o chán onde se ergueran, inda este non ficaría purificado.*

## MARXINAE

A verdadeira defensa da patria esixe que aquíl que se titula apóstol, defensor ou simplemente soldado de ila permaneza cáseque decote a carón da terra nai, pra qu'eisí non poidan ocultárselle nen as suas mais esvaiadas demandas.

Por outra parte, todo apóstol, defensor ou soldado da causa sagra que ten por ouxeto a liberación da terra é, dende logo, un perfecto namorado da nazonalidade que soupo atraerlle os seus millores esforzos. E por iso, como o bon namorado terma i-esfórzase por permanecer o maior tempo posibel en xuntanza coa amada, eisí tamén o loitador, o apóstol ten de faguere todo o posibel por se non alonxare da terra berce a cuio contacto xermolan os azos pra á loita baruda e rexa.

A verdade axiomática choída nas liñas devanditas ben craro amotra a incompatibilidade eisistente entre os individuos que se din apaixonados e ateigados de intrés pol-o que afecta a terra, e a minsión apostólica, altruista e xenerosa que os taes din que desempeñan.

As arredadas e reducidas visitas á terra en xeito d'escursión de turismo serán todo o desintresadas e froitíferas que se queira, mais semellare non o semellan sinon todo o contrario. Certas fasquías aínda cóos ollos pechos teñen a propiedá de se poder ollaren tal é como son e por iso o engaño se non fai doado.

N-ista cousa caduca decadente, cada vegada mais acaroadada ao esmorecemento definitivo que se chama o Estado hespañol, soio se concibe que haxa dúas crases de individuos: nazonalistas, ou sexa loitadores pol-a liberación da nazonalidade respectiva; ou ben internacionalistas, isto é, sostedores de isa grande e pantástica utopía que se di patria universal.

Tódol-os que se fican fora de istes dous grupos non poden seren mais que parvos que non pensan en nada nen se preocupan de nada—tal sucede cóos nosos señoritos—; ou vivos que se chaman entusiastas da fracasada orgaización estatal que nos asoballa, por fitaren n-ila o xeito doado d'enchere a andorga sen grande esforzo.

Por sere tan fondo o rebaixamento galego atópanse individuos, e non por certo dos pouco sabidos, que tratan de combati e quitare a razón aos que falando de Castela —e ao decirmos Castela inermos tódal-as terras da

fala castelán—non poden contare a xusta e lexitima xenreira que lle gardan por tantos e tan variados motivos.

Taes disgrazados, que naceron pra escravos e que mereceren o desprezo de tódal-as xentes dignas, fan lembrare a servil condición do can que lambe a mau castigadora cando ila aínda non ten deixado o instrumento cruel do castigo.

Ninguén iñora que non hai nen un soio deputado a Cortes da Galiza que repersente de perto ou de lonxe a menor cantidade de opinión galega.

Todos iles, a eito, repersentarán a vountade dos caciques que teñen asoballada a terra e das pandillas de vividores que lles sirven de axudantes aos caciques na vergoñosa tarefa do asoballamento; mais de ningunha maneira poden repersentaren os núcleos grandes ou pequenos, que discurren e pensan por conta propia.

E non poden repersentalos porque istes núcleos cu non tomaron parte na antroidada electoral ou si a tomaron foron bulrados descaradamente pol-os que teñen ao servizo tódol-os resortes do Poder.

Logo os que se chaman repersentantes galegos nas Cortes da Hespaña son sen excepción vulgares usurpadores de unha repersentación que ninguén lles otorgou e que a Galiza conscente si algunha vegada votara de verdade tampouco lla otorgaría nunca.

## FEITOS DA I. N. G.

A Exposición de Castela en Vigo, eisí como as notabres conferencias d'iste egrexio artista dadas na Cruña e na cidade da Oliva, a de Antón Lousada Diéguez, na derradeira vila, e a de Valentín Paz Andrade en Santa Cristina de Cobres, proban craramente coma o nazonalismo galego é a única forza intelectual con raigame na Terra, a única ideoloxía patriótica de xeito trascendente e a I. N. G., *ipso facto*, a orgaización mais séria e dina da Galiza. A suprema autoridade cultural, n unha verba, da nosa nazón en renascenza.

A I. N. G., poi-o mesmo, deben afliárense tódol-os homes de curazón limpo e de pensamento craro que haxa na Terra.

A libertade galega, somentes ha conquerirse pol-o desenrolo da cultura enxebre e do sentimento racial.

Xa que nosos abós non souperon faguer a nosa Terra, seipámol-os pais d'agora faguer a Terra dos nosos fillos. Esta noción do patriotismo que tiña Nietzsche, teñámola nós tamén, como obriga de concencia.

## Duas perguntas con resposta.

A primeira obriga de todo bó galego é faguer confesión xeneral. Todo galego que aspire a se sumare ós que arelan redimir á Galiza, ten que lles dar resposta reflexiva a istas preguntas: Qué lle debe a nosa Terra o Estado hespañol? ¿Qué podería ser a nosa Terra de se non achar xunguida ó Estado hespañol?

Xa sabedes que os Reis católicos nos quitaron o voto en Cortes e nos levaron pra Castela a nobreza e con ela os elementos culturais e os cartos, aloumiñándoa con dádivas pra que o absentismo e a miseria esnaquizasen tódol-os xermolos de rebeldía. Xa sabedes que quixeron arrincarnos a lingüa e nos mandaron estranxeiros sin curazón pra cobrar tributos c'os que o país non podía. De ter ficado Galiza fora da unidade de ferro a que se lle someteu, pol-as suas condicións naturais, logo da descuberta de América, houbera sido cecais—pois dábanse cantas posibilidades eran percisas pra elo—unha nazón cáseque tan forte coma a Inglaterra, estreitada o' Portugal.

Pro este sacrificio da nosa liberdade e persoalidade—a mais definida inda hoxe—¿pra que servíu? Pra que *gallego* fose sinónimo de bárbaro entr'os *agradecidos* castelás. Pra que as nosas riquezas naturais non puidesen ter desenrolo; pra que o noso fautor xeográfico privilexado non puidera aproveitarse cal deba. Pra que as industrias do noso país caisen en maus alleas. Pra que a nosa cultura esmorecera. Pra que a nosa i-alma coleitiva esvairase. Pra que o caciquismo mais bárbaro siñoreárase da nosa Terra. Pra que nos roubasen anacos galegos do noso chan histórico. Pra que tódol-os escritores de Castela poideran aldraxarnos. Pra que na «Gaceta» se nos poidera chamar fillos espurios da Hespaña. Pra que a nosa economía natural fose escrava das mais economías artificiais da península. Pra que nos trocáramos na cincenta do Estado hespañol. Pra caisemos tan baixo na degradación que acabasen a maoría dos galegos por se avergoñaren da propia natureza. Isto lle debemos ó Estado castelán. Unha nazón culta e rica poidemos ser sin o Estado castelán, e inda poderemos selo si acertamos a nos ceibare do asovallador.

## A Irexa na Galiza

O fin por iste camiño imos ben. Refirímonos á Irexa na Galiza. Enantes cáseque todos, ou tódol-os Bispos que nos mandaban, eran estranxeiros. Agora, agás o de Mondoñedo, ningún deixa de ser nado na Galiza.

O novo arcebispo de Santiago é galego, galégo o d'Ourense, galego o de Lugo, galego o de Tuy.

Isto, inda que non outra cousa, tragnerá o que mentres eles vivan nos cabildos catedraes da nosa Terra non se enquisten coengos castelás e elementos alleos desgaleguizadores, como viña ocorriendo deica agora.

Os principás cabezoleiros da Irexa na Galiza xa son Galegos. Moito poden axudar ó desenvolvemento da cultura patria se queren. Moito poderán faguer pol o enxebrismo renditor. Moito ben a Galiza e a relixión cabería que lle fixesen, inspirándose nas obras e virtudes do santo bispo catalán Torres y Bagés, e nas de algús bispos irlandeses.



# NÓS

BOLETIN MENSUAL  
DA CULTURA GALLEGA

Ademítense suscripciós n'esta redacción.



REXURDIMENTO dase gratis a quen o solicite na Terra e fora d'ela.

Administración de REXURDIMENTO, Praza dos Irmãos García Na veira, 22, BETANZOS.

iii	IMP. DE M. VILLUENDAS	iii
	IMPRESIONES DE TODAS CLASES	
	VALDONCEL, 50	
	BETANZOS	

## MOVIMENTO NAZONALISTA GALEGO

O Nazonalismo quer reivindicar a personalidade e os dereitos da Nazón Galega en todos os ordes. Iste movemento naceu a mediados do século pasado, na erada dos Precursores, dos que o mais ilustre foi Rosalía de Castro; foi reducido a corpo de doutriña en 1880 por Alfredo Brañas, e orgaizado en forma militante en 1916 coa fundación da primeira Irmandade. A primeira Asambreira nazonalista galega foi a de Lugo o ano 1918, na que s'estabeleceu o programa mínimo do Nazonalismo galego. Na IV Asambreira nazonalista, tida en Monforte de Lemos o ano de 1922, ficou fundada a Irmandade Nazonalista Galega.

A Irmandade Nazonalista Galega ten por fin a formación d'unha forte concencia nacional galega que nos enxebrice totalmente e que nos leve a conquistar a autonomía integral da Galiza e o mais outo grado de progreso moral e material pra Ela.

A Irmandade Nazonalista Galega ten por xefe un Conselleiro Supremo, asistido de catro Conselleiros e un Segretario Xeneral.

Ten Delegacións na Cruña, Ferrol, Ourense, Santiago, Betanzos, Monforte, Viveiro, Vigo e Bayona, en Madrid e mais na Habana.

O seu orgao oficial é o REXURDIMENTO, que se publica en Betanzos. Algús elementos d'ela publican en Ourense o boletín de cultura galega NOS e a publicación literaria CELTIGÁ no Ferrol.

Quen desexe informacións tocantes á I. N. G. e ó movemento nazonalista galego, pódese dirixir:

Na CRUÑA a José Calviño, Orzán 33.  
No FERROL a Jaime Quintanilla, médico, Rúa de Dolores.  
No OURENSE a Alfonso V. Monjardín, Progreso, 23.  
En SANTIAGO a Victoriano Taibo,  
En BETANZOS a Paulino Naveira, Pardiñas, 4.  
Na Arxentina, a Jose Ares Miramontes, en Rosario de Santa Fé,  
En MONFORTE a Banet Fontenla, notario  
En VIGO a Valentín Paz Andrade, Avenida Montero.  
En BAYONA a José Rodríguez de Vicente, Urzáiz, 11,  
En MADRID a Lois Corton. Blasco de Garay, 50.  
Na HABANA a Manuel Blanco Pascual.  
En BOS AIRES a Ramiro Isla Couto, Rúa do Brasil, 1.084.  
En Muxía, a Gonzalo López Abente.  
En PONTEVEDRA a Castelao.  
En LUGO, Julio López, Abastecimiento d'Augas.  
En VIVEIRO, Ramón Villar Ponte.  
En LIVERPOOL, Joaquín Peña, 71 Belgrave Road.

Estos mesmos señores espallarán gratis exemplares de 'Rexurdimento, a quen os solicite.

IMP. DE M. VILLUENDAS.—BETANZOS.

# SARNA

(SIN BAÑO)

—¡Ay canto me pica a sarna  
Inés do meu corazón.  
—Eso cúrase, ten calma:  
merca ESTEAGENOL LAFONT.

É o remedio soberano pra combatir o «Sarcoptes». Sólido. Olor grato. 1'50 ptas. en todas as Farmacias e Droguerías d'España e Norte d'África, e na Farmacia da Vda. Lafont, Cantón Grande, 39. BETANZOS.

## SEICIÓN OFICIAL

Pregase a todas as Delegacións da I. N. G. na Terra e no Estranxeiro, que faigan propaganda encol da Institución cultural «Murguía-Rosalía», emprestandolle o seu apoio e esporando a sociedades de cultura e recreo, concellos e particulares, pra que leven axiña seu óbolo a ela.

Todas as Delegacións e Subdelegacións que inda o non haxan feito, deben darlle conta ó Conselleiro Supremo, do xeito en que distribuíron e espallaron o «Manifesto da I. N. G. ó pobo galego» e os cuestionarios pra as sociedades agrarias.

Cantos queiran ingresar na I. N. G. deben dirixírense ou ó honorabre xefe irmán Vicente Risco, en Ourense, ou ó secretario do comité d'organización na Cruña, Xosé Calviño, Orzán, 33.

## “HIJOS DE A. NUÑEZ”

CASA FUNDADA EN 1871.

Almacén de tecidos e mobles

Sánches Bregua, 2 e 13

≡ BANCA ≡

Compra-venda de valores, xiros, órdes telegráficas e toda crás d'operaciones bancarias.

¿QUÉREN FACER ECONOMÍAS?  
MERQUE NA CASA

## ABARRATEGUI-BONOME

Pañería, Lanería, Pañolería, Paquetería, Camisería, Lencería e demais tecidos.

Sánches Bregu, 13 (Soportás da Praza) Betanzos



## ZAPATERIA DO CANTON

A que máis surtido ten.  
A que máis barato vende.  
Compre vostede alí.

BETANZOS

## H. COMERCIO

*Ramón G. Pernas*

(SUCECOR DE JOHAN LOPES)

Praza d'Arines.—BETANZOS Teléfono núm. 18

É a mellor, máis céntrica i-económica da cidade.  
Visítana os señores viaxeiros e convenceránses

## CHAMPÁN "GALICIA"

DA RAMALLOSA (VIGO)

Pódese pôr en competencia  
co'as milliores marcas extranxeiras.

## PAQUETERÍA-QUINCALLA

## El Gato Negro

PRECIO FIJO

Porta da Vila —BETANZOS.

## JOSE IGLESIAS MASDIAS

MERCEAIRÍA, PAPELEIRÍA E QUINCALLA

Praza da Constitución, 2.

## FERRETERÍA

Ferramentas, Ferraxes e Puntas. — Gran surtido en  
bateiría de cociña.

Non merquedes denantes de visitar esta casa.

Ferreiros. 19.—BETANZOS.

Si queredes mercar barato visitade o novo  
establecemento de

PANOS, TECIDOS E NOVEDADES

## R. MONTES

Quatrovesa, 2, esquina ós Prateiros, — BETANZOS

PRECIOS FIXOS

PORTA DA VILA.—BETANZOS

## CONFITERÍA

## Constantino Rabade

SOPORTÁS DO CAMPO.—BETANZOS

Dulces finos. Fanse toda crás d'encárregos.

## H. LA CORUNESA

ESMERO I-ECONOMÍA

Valdoncel, 18, BETANZOS

## LA MODERNA

GRAN FÁBRICA DE GASEOSAS  
E AUGAS DE SELTZ

ELABORACIÓN ESMERADA e HIGIÉNICA  
PRECIOS SIN CÓMPETENCIA

*Manuel V. Gómez*

CASCAS.—BETAÑOS.

## BAR "ROMA"

Riestra, 16.—PONTEVEDRA

O mais visitado pol-os pontevedreses.

## SOBRINOS DE JOSE PASTOR

BANQUEIROS

A CORUNA, VIGO, LUGO, OURENSE, VIVERO

Realizan toda crás d'operaciós de Banca e Cambio.

## BALNEARIO DE MONDARIZ

As milliores augas minero-medicinás bicarbo-  
nato-sódicas da Península.

FILLOS DE PEINADOR, propietarios.

## RETROSOS DE UN PETRUCIO

Iste Centro de Galicia de Madri, coma a maoría dos Centros galegos das Américas, mesmo da noxo.

Orgaiza festas chulas, orgaiza xantares pra agasallar a militares e a coupleteiras e comediantes.

Pro, unha vez que foron á Corte unhos poucos labregos galegos levando os seus gandos a unha Exposición gandeira, inda que houbo quen pediu pra e les un xantar enxebre modesto, o Centro de Galicia non quixo orgaizalo

E ¿non eran aqueles labregos a mais dina representación da nosa raza?

O que dicirían os señoritos galegos madreleñizados: «¡boh, ós aldeans da nosa terra, abonda con pasarlles a máo pol-o lombo no vispora de eleucións! Eiquí, en Madri, de nos xuntar a eles n'un agasallo, poderíannos tomare pos *galegos ordinarios*, e nós somos dos galegos de quenés din os castelás pra aloumiñarnos que non parecemos galegos.

Ises mesmos galeguiños da corte, en troques, coidan un gran galego, dino de homenaxes, a Cordero, o socialista.

¿Porque saíu deputado e é concellal e pode faguer favores?

Eu dígovos unha cousa: nin nego o mérito de Cordero, nin de Paulo Iglesias, nin de Besteiro, nin de Canalejas e Dato—a quen Deus perdoe—nin do bispo Eixo, nin de Carracido, nin d'outros moitos que lle deben á cuasilidá o teren nado na Galiza pro a quenés a Galiza nada lles debe.

Débelles tanto a eles Galiza. como o niño ós pa-xaros unha vez que o abandonan

Son galegos de partida bautismal, pra os que é a nosa Terra unha cousa tan allea como pra os castelás ou andaluces.

Pois a toda ista crás de *paisanos* que se acha perto do *pote grande* é a quen agasallan os do Centro de Galicia e os de cáseque todol-os Centros Galegos.

En treques ós galegos que viven e sofren na Terra, traballando na Terra, a estes e ós nosos labregos—agás no vispora de eleucións—que os tronco unha centella.

Xa non falemos d'aqueles galeguiños de Bós Aires que fan xantares en lembranza dos mortos, c'un senso chinesco abraiante, e de adulación a Alfonso XIII, pra que lles conceda cintaxos honoríficos.

Aqueles galeguiños, coma moitos de Cuba e d'outras terras americanas, danme lástema, abofé. Son loritos e fonógrafos.

Inda fai pouco, houbo unha festa na Habana, orgaizada por sociedades galegas, na que se representou un sainete andaluz dos Quintero e onde ningún lembróuse da lingua da Terra, mentras os cataláns orgaizaban uns xogos froraes en catalán, c'o ouxeto de intensificaren o sentimento de Cataluña en tódalas terras de centroamérica.

Poriso o ministro da Hespaña en Cuba, quérelle mal ós cataláns e os inconscientes persoeiros caciquís do Centro Gallego da Habana fan sua a mal-

quérencia d'aquel ministro representante do Estado asoballador da Galiza.

E agora outra trécola. Disimulade si falto a alguén, pro haivos cousas que non entendo.

Dicía un xornal: «El señor Portela Valladares manifestó en el informe que hizo impugnando las elecciones de Tuy, que no ignoraba que la presión oficial iba a llegar al rojo vivo. . .»

¡A presión oficial! ¿Pro il non forma nas filas do presidente das forzas politecas que consintiron e ampararon isa presión oficial?

Hai desdoblamentos moi paveros, abofé

Ora pra que vos fiedes dos señoritos cultos.

Un Romero Molezún, cate rático, home de posibres independente e c'unha sona médica que lle val moitos cartos, coma recompensa á axuda que lle prestou ó gassetismo en Noya, agora quixo ser deputado provincial.

Pois coma este catedrático, a maoría dos da Universidad de Santiago áchanse o servizo dos caciques.

¿Qué educación civilza poderán ensinar ós futuros abogados, médicos e boticarios. ises bós señores?

Eisi resulta o feito vergoñoso de que sexan médicos, abogados, boticarios, mestres d'escola e cregos, os delegados do caciquismo noxento do centro na maoría das nosas aldeias.

¡Malia a cultura que serve pra dar eses froitos!

Mesmo da ganas de berrar ¡viva a incultura! lembrándonos de que eran incultos os irmandiños do século xv.

O «Correo Español» da Habana, xornal que ten por ouxeto esprotar a parvería dos emigrantes, fixo un concurso pra dreccar a provincia mais simpática da Hespaña aquela que xuntase maor número de votos.

A cousa non pode ser nin mais tropical nin mais ridícula,

Pois os galegos e os asturianos de Cuba, tomárona pol-o serio. E fartáronse de gastar centavos pra que a provincia de cada un saíse trufante. Os cataláns e vascos despreciaron o concurso.

Os asturiáns como non teñen mais que Oviedo, todos votaron por Oviedo. Pro os galegos dividírouse, votando uns por Lugo, outros pol-a Cruña, outros por Ourense e outros por Pontevedra. Iñoraban os probes, que iso das provincias e unha división antinatural e ausurda, obra do centralismo, que contribue a esnaquizar e matar o sentimento colectivo da Terra. Iñoraban que pra os galegos a única provincia natural e histórica é Galiza.

Pois houbo un xornal cruñés «La Voz de Galicia», que gabou moito a cousa, tomándoa con intrés.

Agás dous ou tres xornás da nosa Terra, tódolos mais sen órgaos caciquís noxentos.

¿Por qué, pois, a Confederación Agraria, decrálles o boicot a unhos seis ou sete somentes? ¡Qué ande a corda pra todos ou pra ningún!

# COMENTARIOS A UN DISCURSO DE CAMBÓ.

Cambó, n'un dos seus derradeiros discursos dixo algunhas cousas dignas de se glosaren.

Que o pobo catalán, ten grandes defeutos acarón de belas cualidades. E un d'eses defeutos é a impresionabilidad. As modas en calquer orde da vida entusiásmanno; pro axiña pro axiña sofre o cansazo d'elas, faguendo un labor estéril.

Eisi lle pasou na arte, cando a invasión do modernismo, que disgraciadamente pra a estética, ten deixado en Cataluña exemplares.

Eisi lle pasa agora c'o xeito radical; agora púxose de moda o ser radical; pro de labios afora, porque ha de se ter en conta que o radicalismo, de levarse á práctica, ha ser revolucionariamente, e cando moito se fala de revolución, se non fai. Agardar unha revolución coma un billete da lotería é mais doado que realizar obra costrutiva e positiva.

Na nosa terra tamén ocorre algo do que Cambó di da sua. Eiquí tamén hai unhos *modernistas* que tratan de enturbaren o labor escelso dos artistas verdadeiros. Pro os nosos modernistas, afortunadamente, tan fráxiles com'as rosas, non han durar moito mais que o que as rosas duran. E os nosos artistas xeniaes, coma Castela, verbigracia, seguirán faguendo obra pra a posteridá.

Eiquí tamén hai a moda radical, que falando de revolución, axéitase a evolucionés de pan levar. Pro inda hai outra moda mais ridícula: a dos señoritos que queren faguer carreira política e a dos caciques fracasados, que se meten a agrarios, e por mor dos que a Galiza rural ficará moito tempo escrava, coma de cote.

Outra das cousas que dixo Cambó é que Salmerón tñalle espresado moitas veces que un dos motivos pol-os que a República se non estabreceu sólidamente na Hespaña foi porque Castela non era republicana. O litoral, a mariña, sintiu a República, pro impresionista e versátil non puido faguer que trunfase. Si Castela houbera sido republicana, coma é fiel ás cousas cando as aceuta, seguramente que a República existiría hoxe. O espírito de Castela, sigue, pois, en privanza. E si os casteláns sábenno ben, moito millor aínda sáben-

no os galegos conscentes. De xeito que Castela ten que continuar sendo branco contra do que tódal-as nazonalidades da península disparen as suas frechas.

E o mesmo Cambó, finalmente, dixo esto: eu prefiro unha Cataluña que fale o castelán a outra que poseia tódal-as libertades descatalanizada. C'o que non fixo mais que coincidir con De Valera que o mesmo espesara respecto a Irlanda e con cantos apóstoles de nazonalidás opreixas e asoballadas houbo no mundo.

¿Non é axiomático que sin lingüaxe non hai pensamento? ¿Non é xa un feito hestórico que se repite sempre o de que os pobos que queren escravizaren a outros o primeiro que fan é traballaren por lles arrincal-a lingua natural?

Arrincada a lingua d'un pobo, arrincado fica o seu pensamento coleiitivo. E pobo que non pensa por si, xa é coma cera mol nas máus dos mais. Servirá pra ser moldeado según queiran as comenencias alleas. Deixará de render o froito do diverso no universo da cultura. Carecerá do fondo común de sensibilidade que empurra as almas ós momentos cumios do heroísmo. Será xa eternamente un barrio da civilización, sin alma propia, todo mimetismo, pro nunca mais metrópoli civilizadora.

Antre moitos dos directores do agrarismo galego esquécense este feito, e poriso, hai programas agrarios que non causan emoción en quen os lee nin producen temor algún nos políticos da asoballadora política de Castela. Son programas tan xenéricos e valeiros, coma os do século pasado. Tan fallos de recendo natural coma as froles artificiás.

Suprimide de Cataluña o baluarte do idioma, e asegúrovos que dentro d'unhos poucos anos en Cataluña ocurrirá o mesmo que nas outras terras peninsulares.

Poriso desconfiade dos redentores galegos que din que na lingua non se acha o primeiro elemento da nosa libertá. Desconfiade dos que pidan autonomías sin queren a espíritoal, base de todas, e que só a lingua pode dare.

# REXURDIMENTO

2.<sup>a</sup> ÉPOCA

ORGAO DA I. N. G.

1923

## MOSTRAS SINXELAS

**A** Galiza ten unhos dous millóns e piques de habitantes, e non ten mais que un kilómetro de ferrocarril *por cada 4.000 poboadores*. Arxentina, Brasil, México e Chile, teñen, respectivamente, 200, 690, e 360 habitantes por kilómetro de vía. ¡A Galiza importa mainzos da Arxentina, cultivados posibelmentes por labregos galegos que abandonaron as súas leiras a falla de traballo remunerador na sua patria! ¡Na Galiza o Estado deixou despoboare 659.000 hectáreas de montes da sua propiedade que, cubertas de bosque, terían de darlle traballo á metade dos seus emigrados!

Isto decía un inxenheiro, o Sr. Domenech n-un artigo seu engol do problema das comunicacións.

A prohibición de importare mainzo eisi como a libre introducción de carnes conxeadas e de gando veñen sendo xestionadas con todo intrés pol'as forzas vivas das terras de fala castelán, e non será difizle que, moi axiña<sup>9</sup> taes terras ollen conseguido o que pertenden.

Como todos saben, ambas concesións. de otorgárense, darian lugar á ruína da xente dos nosos agros. Decatándose de ilo un Estado previsor, por igual obrigado a atender o tódal-as terras que o integran xa non daría nen a mais cataveira soma d'espranza aos intrésados nas concesións devanditas.

Mail-o Estado hespañol non é do xeito dos demais Estados. O Estado hespañol feito a imaxen e semellanza da Castela absorbente e ama absoluta, áchase decote disposto a levare a cabo aquelas medidas que as xentes monopolizadoras do Centro coidan boas pra si e pra os seus intréses; ou aquelas outras que as nazonalidades rebeldes e dinas saben impórllle coas ameazas e as recramacións termiñantes.

Como a nosa patria, a Galiza soporta todo, sofre todo sen que de illa saia endexamais un berro, unha protesta, nada n-unha verba que recenda a disconformi-

dade, a Galiza se non ten en conta pra nada pol-o Estado hespañol.

I-eisi hoxe se lle dona un trallazo, e mañán se fai vítima de unha enorme inxustiza, e pasado se lle somete a unha bulra escandalosa... A Galiza decote aldraxada, escarnecida, posposta a tódal-as demais nazonalidades que con illa fan iso que chaman Hespaña, é sempre o lombo de burro ende se descargan todol-os paus que por ahí se perden.

Por iso a nós non-os abrairía que a libre entrada do gando vivo e das carnes conxeadas, eisi coma a prohibición de introducir mainzo, cheguen a se devolve-ren de un xeito n-ausoluto conforme cós peticionarios. Dimpois de todol-os precedentes eisi o fan agardare.

A construción do porto de Vigo fai xa tempo quetería de sere un feito en calquer país que non fora o noso, dadas as escepcionaes condicións e a insuperabel situación xeográfica de aquela bahía xurdia

Custións de importancia e de trascendencia moi inferior á do porto vigués andan a resolveren tódol-os días pol-os gobernos que padece-mos. Cáseque non hai data na que se non ollen nos

xornaes novas refereríndose á inización ou ao remate das obras do porto de tal ou de cual; de ista liña férrea ou da de mais alá; de iste ou do outro pantano, canal, etc., etc.

Vigo en troques<sup>9</sup> e conta co seu porto é, ou debera sere, de intrés non soio galego sinón se quere hespañol e aínda europeu — agarda antre tanto pol-as obras do seu porto. Pro Vigo áchase na Galiza e a Galiza, xa se sabe, é a derradeira carta da baraxa

Fose Vigo cibdade asturiana, andaluza, castelán, de calquera terra menos de Galiza i-estonces xa tería construído o seu porto. Pra coidalo eisi atópanse a moreas os denantecedentes

**»Canto mais do seu tempo e do seu país é un, mais é de todol-os tempos e dos países todos. O chamado cosmopolitismo é o que mais se opon a universalidade.»**

**De acordo con isto o nazonalismo galego, como todol-os nazonalisms, loita barudamente porque a Galiza sendo cada vegada mais sua. isto é, menos castelán — xa que o unico perigo que nos ameaza e o da castelanización — sexa ao mesmo tempo mais universal e por ende mais beneficiosa pra o acervo común da cultura e o adianto mundiaes. Quérenos decire, pois, si os nazonalistas temos ou non toda a razón?**

**E séipase que as verbas glosadas non pertencen a ningún nazonalista. Ilas saíron da pruma autorizada de D. Miguel de Unamuno. Por iso folgan os comentarios**